

Orgullo mariñán

Toñita Díaz Martínez

Á fronte da tenda Casanova de Celeiro (Viveiro) que cumpre cen anos neste 2018

«De pequena fíxome moita ilusión cando veu a primeira neveira»

A súa avoa Carmen Carballés foi a promotora do negocio familiar, con panadaría

YOLANDA GARCÍA

VIVEIRO / LA VOZ

Para coñecer o xerme da panadaría e tenda Casanova de Celeiro hai que mirar ao outro lado da estrada, porque aquela era a localización que elixiu Carmen Carballés Río para abrir o primeiro establecemento en 1918. Daquela os top en vendas eran o café, o azucre, o chocolate..., lembra a súa neta Toñita, filla de Antonio e Laura, que continuou coa tradición familiar. «Carmen —conta— criou sete fillos, tres sobriños que quedaron orfos e viñeron de Foz e un irmán que veu de Cuba, que tamén quedou na casa e tívoo que manter miña avoa. Morreu e meu pai quedou orfo cuns 15 anos, de nai no 30 e de pai no 32. Miña irmá María Dolores acabou sendo profesora. Meu pai morreu no 71 e daquela quedou miña nai á fronte de todo. Nos anos de máis apoxeo aquí había de todo, incluso zapatillas, ferraxería, daban comidas... Anos, non sei... Sería polos 60 ou por aí, daquela cando se empezou a progresar un pouco en España porque antes, na posguerra, necesidade había. Tamén este era lugar de parada porque xente da Mariña traía o leite a Celeiro. Acórdome de pequena que me fixo moita ilusión cando veu a primeira neveira. Debeu ser polo 60 e algo. O frigorífico utilizábase máis para a tenda, cando empezaban a vir produtos máis perecedoiros. Meu pai estivo na Guerra Civil, en Barcelona, entón traía tamén unhas ideas un pouco máis avanzadas». —**Que consellos como comerciante lle deu súa nai?** —«Oír, ver y callar». Discreción total. Esa é a base. Ela tamén foi unha muller que traballou; débo-



Roberto Meitín con súa nai Toñita Díaz, cuarta e terceira xeración da tenda Casanova. PEPA LOSADA

A MATRIARCA, CARMEN CARBALLÉS RÍO



Un dos oito fillos do matrimonio formado por Manuel Díaz Teijeiro Carreiras e Josefa Cora Cociña, José Antonio, casou cunha focense dunha saga de comerciantes, Carmen Carballés Río (no centro, de negro e sentada), «a iniciadora» do negocio celeirense.

lle moito. Eu nacín no comercio e son comerciante. Vívoo. O que me sorprende foi o meu fillo Roberto, que leva os xenes comerciantes [tamén Toñita ten dous xemelgos: Adrián, que leva o Estanco Casanova en Viveiro, e Alejandro]. Roberto foi estudar fóra, traballou nunha empresa e deixou todo e colleu a panadaría.

Véselle feliz! Isto é unha carreira de fondo; estamos en inferioridade de condicións con respecto aos grandes supermercados. —**Creo que cando chega o Resu, o festival dálles vida, non?** —Si, porque tamén hai moita acampada en Area. Preparámonos para el. Eu estou encantada coa xente do Resu porque é en-

cantadora. Chegan e ao mellor quedan aí no medio, por iso puxemos os pasos brancos [pintados na beirarrúa para ir da panadaría á tenda] e o lector de tarxetas TPV, porque agora a maioría da xente nova vén con pouco en efectivo. Agora xa está a tenda totalmente modernizada!

ARRIBA O PANO!

Avó de película

Moitos din que meu avó era cuspidiño ó de Up. O meu avó de Up contou que cando nacín os meus late-xos eran tan fortes que el xa os escoitaba na porta principal do hospital. O meu avó de Up contaba que o día que el naceu comezou a chorar. Ninguén podía calmalo. Foi á escola ós 7 anos, coñeceu á avoa, o choro rematou. Iso aseguraba el.

O meu avó de Up tivo un amigo na mili ó que logo de 62 anos foi ver a Sevilla. Para el o amigo é o maior tesouro que unha persoa pode ter.

O meu avó de Up non tiña casa que voara con globos de cores, non tiña paxaros exóticos, pero si que tiña galiñas, vacas... e, sobre todo, o mesmo amor pola súa compañeira que «aquele» da peli.

Del aprendín a non deixar na estacada. O amar sen fin. Del aprendín a contar cando outro comeza a esquecer números.

1906. Un psiquiatra/neurólogo alemán escribía por primeira vez sobre esa «come-memorias» que afecta a 47 millóns (datos da Organización Mundial da Saúde).

No cerebro hai sobre 100.000 millóns de neuronas conectando entre elas para diferentes funcións. «Algo» chamado beta amiloide chega, obstrúe espazos libres e TODO comeza a fallar...

Isto pode pasarlle a calquera. Calquera pode esquecer o late-xo da neta bebé. Que estivo namorado 80 anos e que a coidou e respectou a vida enteira. Calquera.

Calquera pode voar na casa con globos, perderse con paxaros exóticos e non saber como chegou alí «arriba/UP». O valor da amizade. O amor. Coidar do indefenso. Todo iso aprendín do que está alá «arriba/UP».

47 millóns de avós de Up necesitan que non os deixemos na estacada. Debemos recordarlles que foron quen nos ensinaron a voar, «ARRIBA/UP».

Estibaliz Veiga é actriz.

Toda la información local en tu dial

Voces de A Mariña

De lunes a viernes de 11.00 a 12.00 h con Félix Jorquera y María José Fernández Azpeitia



LA RADIO DE AQUÍ

VIVEIRO 88,5 FM
RIBADEO 102,3 FM